

Lugo 7 xaneiro de 2013. ADEGA e o delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, Mario Outeiro, entregaron hoxe os premios do **II Concurso Fotográfico "Fotografías polo territorio", do II Certame de Relatos 'O lugar onde vivo' e do I Certame de Curtametraxes 'E ti que é o que ves"**, que organiza ADEGA en colaboración coa Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Os tres certames en enmárcanse dentro da campaña "PONTE NO MEDIO. MÓVETE POLO TERRITORIO", nacida co gallo de que a sociedade retrate o estado actual do territorio galego a través da imaxe e da palabra, e están patrocinados pola Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Nesta edición achegáronse 50 fotografías, uns 40 relatos e 8 curtametraxes procedentes de toda a xeografía galega: Mugardos, Agolada, Lalín, Lugo, Cerceda, As Nogais, Vilar de Santos, Cedeira, Ourense, Ribeira, Brión, Arbo, Pontecesures, etc.

II CONCURSO "FOTOGRAFÍAS POLO TERRITORIO"

O obxectivo do concurso de fotografía foi, por unha banda, ofrecer imaxes nas que se mostren agresións ao territorio por parte da actividade humana, xa sexa contra o patrimonio, a cultura a paisaxe eo medio natural, ou aquelas que poñan en valor este patrimonio. Plantexáronse dúas categorías para este premio, xuvenil e adulta, presentándose un total de 50 traballos. Os premiados foron:

- **Categoría Adultos/as:**

-Gañador: "Mar de contaminación"







